

PLAN DE LECTURA

PREÁMBULO

A lectura constitúe un dos bens estruturadores dunha sociedade que se transforma cara a niveis óptimos de desenvolvemento e de progreso.

Enténdese a lectura como un instrumento vital de integración e democratización, canle para acceder ao coñecemento, chave de transformación social e ferramenta para unha participación consciente e libre dos individuos. O hábito lector favorece a reflexión, o pensamento abstracto e o xuízo crítico, ao tempo que fortalece a imaxinación e resulta imprescindible para o acceso ao patrimonio cultural universal. Ofrécese, pois, como un dereito fundamental das persoas e, ao mesmo tempo, resulta un apoio de indubidábel valor para o progreso colectivo.

A sociedade actual require cidadáns hábiles na selección e na utilización das fontes informativas, cada vez máis abundantes en cantidade e cada vez máis dispares no referente á calidade. Neste contexto de saturación de datos, a lectura comprensiva e o dominio das técnicas informacionais resulta decisivo para os transformar en coñecemento. A denominada alfabetización informacional, necesaria para a aprendizaxe regrada e para a aprendizaxe autónoma ao longo de toda a vida, require, en primeiro termo, unha sensibilización en relación á lectura de amplo espectro – textos diversos en contido, tipoloxía, xénero e complexidade; familiaridade co libro nos diferentes soportes– e unha integración dos hábitos lectores na vida cotiá das persoas. A transcendencia destas habilidades para se sentir seguro no íntimo e no social converten a lectura nun elemento de carácter estratéxico na sociedade moderna.

Amáis desta vertente da lectura como vía de acceso á información e ao pensamento, existen outras que, sen teren unha rendibilidade inmediata, resultan decisivas na formación da cidadanía. Referímonos especialmente á lectura que procura o gozo e fai posíbel esa aprendizaxe vital que se consegue ao acceder ás creacións literarias doutras persoas, que conteñen a memoria da humanidade. En resumo, a formación ética, existencial e emocional dos seres humanos pasa tamén de xeito ineludíbel pola lectura.

A realidade lingüística e cultural de Galicia confírelles un especial carácter ás intervencións no ámbito cultural: se resulta urxente unha intervención decidida de toda a sociedade a prol do libro e da lectura, esta non pode entenderse sen lles prestar unha atención prioritaria ao libro e á lectura en galego. En principio, porque o Estatuto de Galicia así o recolle, e, ao mesmo tempo, porque a situación de uso social da lingua galega e da lectura en galego o requiren, de acordo coa realidade evidenciada nos estudos elaborados ao respecto e co feito de que a lingua e a cultura de noso constitúen o froito intelectual máis xenuíno que a sociedade galega foi

creando ao longo do tempo, e representan a achega que nos singulariza con voz propia no contexto das culturas mundiais.

O fortalecemento de sentirse pobo con lingua e cultura propias e o afianzamento da autoestima como grupo social precisan, entre outros factores, da mellora dos niveis culturais da poboación, dun aumento dos índices de lectura en xeral e de lectura en lingua galega en particular.

Os especialistas avogan por involucrar con urxencia as familias na creación de ámbitos afectivos favorecedores, nos que as nenas e os nenos galegos medren alimentados con palabras e historias, con libros e información ou creación noutros soportes para o texto escrito, para que a lingua permaneza viva e os novos desenvolvan e consoliden os seus hábitos de lectura a través do exemplo das condutas lectoras dos seus maiores, amais dun trato grato e íntimo coa palabra escrita. Inciden tamén na importancia de tecer redes sociais que favorezan un uso público da lectura, igualmente grato e enriquecedor.

Cómpren instrumentos para medir os hábitos de lectura dos galegos e galegas e os condicionantes que están detrás deles; cómpren programas de intervención decidida naqueles sectores da poboación menos sensibilizados e que teñen, por diversas causas, menor acceso aos bens culturais, e cómpre aunar a capacidade das distintas administracións e dos sectores sociais máis dinámicos para que a lectura acade o papel protagonista que precisamos como sociedade. Promover a participación, a colaboración entre estes axentes sociais no deseño e desenvolvemento de iniciativas imaxinativas e contextualizadas preséntase como un obxectivo básico que o presente nos está a demandar.

Este plan de lectura, froito do consenso entre diversos sectores sociais relacionados co libro, a cultura e a educación, preséntase como un decidido paso adiante para por a satisfacción e a información a través da palabra escrita en primeiro plano da vida social.

Este plan nace cuns obxectivos claros e contempla unhas medidas que cómpre desenvolver coa participación dos diversos axentes sociais e culturais, pero tamén co impulso dos poderes públicos que teñen o deber de sustentalos. Co fin de garantir a coordinación axustada de todas as intervencións que se propoñen e a continuidade das accións que se inicien, creárase a Oficina da Lectura, que se encargará de promover o hábito lector en todos os estamentos da sociedade galega, como vía de conseguirmos un medio humano de calidade intelectual acorde coas novas posibilidades que o paso do tempo nos ofrece.

OBXECTIVOS DO PLAN DE LECTURA

O Plan de Lectura ten como liña mestra o fomento da lectura entre a poboación de Galicia, cunha atención especial á lectura na lingua propia do país. Para o acadar, as actuacións concretas que se deseñaren atenderán á elevación do índice de lectura

entre a cidadanía do país e, xa que logo, á democratización dos hábitos lectores da sociedade.

Amais, adoptaranse medidas concretas para acadar un plan de lectura durábel e flexíbel, que atenderá á mellora da oferta nos formatos actuais e nos que xurdiren durante o seu desenvolvemento.

OBXECTIVO 1. MELLORA DA IMAXE SOCIAL DO LIBRO E DA LECTURA, ESPECIALMENTE EN GALEGO

Liñas de actuación

- a) Proposta de compromiso aberto a todas as institucións, empresas e medios de comunicación para apoiar o libro e os hábitos lectores.
- b) Campañas de publicidade que axuden a integrar a lectura entre os hábitos comúns da poboación galega, complementadas coa creación de espazos nos medios de comunicación para divulgar o libro, os autores galegos e a lectura.
- c) Promoción da biblioteca e da súa imaxe pública como axente cultural e promotor da lectura indispensábel e como servizo público básico.
- d) Promoción do libro como vehículo de enriquecemento persoal da cidadanía e do fortalecemento dunha sociedade libre e con pleno exercicio dos seus dereitos e posibilidades civís e democráticas.
- e) Celebración de eventos significativos centrados na palabra escrita: datas consolidadas no calendario –Letras Galegas– e mais outras novas –Día de Rosalía, Día da Poesía, etc. –, fundamentais na configuración da personalidade do país.
- f) Apoio ás actividades artísticas e literarias que fomenten a convivencia entre diferentes colectivos e culturas con presenza en Galicia.
- g) Fomento das actividades de comunicación e expresión oral e escrita, en contornos creativos e motivadores.
- h) Fomento da cooperación entre bibliotecas, librarías, editoriais e autores.
- i) Impulso dos clubs de lectura e obradoiros de creación literaria, mesmo dos virtuais.
- j) Impulso da creación de bibliotecas persoais e familiares, coa implantación de medidas que faciliten a adquisición do libro.

OBXECTIVO 2. DESENVOLVEMENTO E FORTALECIMENTO DO SISTEMA BIBLIOTECARIO PÚBLICO DE GALICIA

Liñas de actuación

- a) Mellora das bibliotecas públicas e escolares existentes e creación doutras novas conforme os plans de bibliotecas públicas e escolares.

- b) Elaboración dun programa de dotación de fondos bibliotecarios, consonte a avaliación das necesidades detectadas polos profesionais das bibliotecas, co fin de adecuar os fondos ás necesidades do seu territorio, que inclúa fórmulas áxiles de actualización e incremento da biblioteca virtual en lingua galega.
- c) Fornecemento de recursos materiais, humanos, técnicos e económicos ás bibliotecas públicas e escolares, para o obxecto de axeitalas á demanda dos seus usuarios cotiáns e potenciais.
- d) Implantación nas bibliotecas do Sistema Bibliotecario de Galicia dun carné que forneza vantaxes no acceso aos produtos de consumo cultural.
- e) Procura de fórmulas de colaboración coas bibliotecas de titularidade privada especializadas en grupos de público importantes para o desenvolvemento intelectual da sociedade.
- f) Achega de libros e outros soportes textuais a lugares de tránsito habitual, con oferta de lectura e de empréstimo bibliotecario, por medio da creación de microbibliotecas ou de bibliotecas itinerantes.
- g) Incremento das bibliotecas virtuais en lingua galega.

OBXECTIVO 3. IMPULSO DA LECTURA NO ENSINO

Liñas de actuación

- a) Dotación de recursos ás bibliotecas dos centros educativos, consonte as súas necesidades e características.
- b) Motivación, implicación, formación e dotación de medios axeitados para o profesorado, como artífice fundamental da aprendizaxe e promoción da lectura.
- c) Apoio á incorporación da alfabetización informacional, entendida como desenvolvemento das habilidades de uso e tratamento crítico da información, dende os primeiros anos da escolaridade.
- d) Fomento daquelas prácticas que favorezan unha maior competencia lectora e literaria e un mellor desenvolvemento do hábito lector.

OBXECTIVO 4. FORMACIÓN DE PROMOTORES E MEDIADORES DA LECTURA

Liñas de actuación

- a) Programas de formación ou actualización para os promotores e mediadores da lectura: bibliotecarios públicos e escolares, profesorado, animadores socioculturais, educadores sociais e todas aquelas persoas que poidan ter un labor sistemático de impulso da lectura.
- b) Elaboración dunha guía de recursos de promoción da lectura en galego
- c) Creación de certames e outras medidas para a divulgación das actuacións de fomento da lectura de interese.
- d) Creación de foros e espazos de debate verbo da lectura e da súa promoción.
- e) Promoción de clubs de lectura en bibliotecas e outros ámbitos.

ACTUACIÓNS INSTITUCIONAIS

- a) Creación da Oficina da Lectura, como unidade permanente de coordinación, control e apoio do Plan de Lectura.
- b) Coordinación e impulso dun programa de lectura pública entre as distintas administracións, xunto coas entidades que se ocupan de impulsar a lectura e o libro.
- c) Desenvolvemento de iniciativas que faciliten a adquisición do libro.
- d) Identificación de grupos en situacións de desvantaxe social con respecto á lectura e deseño de programas acordes coas súas necesidades.
- e) Apoio á edición de materiais en sistemas de lectura accesíbeis para as persoas con necesidades especiais.
- f) Deseño de actividades conxuntas coas entidades e colectivos que se ocupen da lectura entre as persoas con necesidades especiais.
- g) Elaboración dun programa de traducións do corpus universal e científico.
- h) Confección dun catálogo de publicacións institucionais, actualizado regularmente e con difusión suficiente entre os profesionais relacionados coa lectura.
- i) Impulso para a actuación coordinada entre bibliotecas, librarías, editoriais e autores.
- j) Creación dun portal de lectura que recolla textos dixitalizados e enlaces de interese, amais de arquivos con información verbo de persoas ou entidades vencelladas á creación, edición, distribución ou fomento da lectura.

BASES PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN

- a) Fomento da lectura desde a primeira etapa da vida.
- b) Entendemento da lectura como vehículo de información, coñecemento e lecer.
- c) Apoio aos distintos estamentos vencellados á lectura: especialmente aos que traballan no ámbito da mediación e da promoción.
- d) Atención especial aos colectivos profesionais encargados da formación da infancia e da xuventude.
- e) Apoio ás bibliotecas públicas e escolares, como servizo básico para a difusión do libro.

PERIODIZACIÓN

A Xunta de Galicia elaborará unha periodización das accións que desenvolver durante o período 2007-2011 para conseguir os obxectivos do Plan de lectura.

ORZAMENTO

O Plan contará cunha dotación económica inicial de 30 millóns de euros, para o período 2007-2011, con cargo aos orzamentos da Consellería de Cultura e Deporte.

No entanto, esta cantidade poderá ampliarse coas achegas doutros organismos e institucións que desexaren promocionar o libro e da lectura.

AVALIACIÓN E SEGUIMENTO

A avaliación e o seguimento do Plan de Lectura realizarase consonte as seguintes liñas:

- 1 Coa periodicidade que se determine, realizaranse avaliacións sobre o cumprimento do Plan de lectura. Estas avaliacións incluírán sondaxes estatísticas de hábitos de lectura e compra de libros, coa correspondente difusión pública dos resultados.
- 2 Elaboraranse estudos sistemáticos que permitan realizar diagnósticos sobre as prácticas lectoras e o acceso aos libros.
- 3 Realizarase a determinación de perfís de competencias lectoras e hábitos en diferentes segmentos da poboación, para deseñar actuacións axeitadas aos diferentes sectores.
- 4 Desenvolveranse instrumentos de avaliación do impacto e seguimento das iniciativas de promoción da lectura nas que a Xunta de Galicia invista recursos.